

ESTÉRIL XUNTANZA DOS SINDICATOS DO ENSINO CONCERTADO CO CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN

5 de decembro de 2017

Representantes das organización sindicais FSIE, FeSP e CIG Ensino mantivemos hoxe unha xuntanza co conselleiro de educación, Román Rodríguez. Nesta reunión trasladáronse as reivindicacións que os traballadores do ensino concertado vimos reclamando nos últimos anos. Pois ben, a resposta do conselleiro é totalmente desesperanzadora; a pechazón é absoluta, as negativas constantes e a disposición a negociar nula.

Ante todas e cada unha das propostas sindicais obti rotunda; non hai posibilidades de modificar os orzamentos, non hai posibilidades de eliminar os artigos que discriminan aos traballadores do ensino concertado e que non permiten negociar a PEA nin a recuperación de salarios; o Acordo de Mantemento de Emprego, non hai posibilidde de chegar a acordos nin establecer negociacións de ningún tipo.

Ante esta situación, desde o Sindicato Nacional do Ensino Privado da FeSP-UGT Galicia entendemos, e así volo trasladamos, que, o que traballadoras e os traballadores do ensino concertado teremos que tomalo por nós mesmos. Esta organización sindical está disposta a promover todas as accións

reivindicativas necesarias para que estas aldraxes da consellería non queden sen resposta e teñan data de caducidade o antes posible.

Na FeSP UGT Galicia cremos que chegou a hora de que a indignación das traballadoras e traballadores do ensino concertado se exprese de xeito contundente.

Xuntos podemos máis

**SINDICATO NACIONAL DE ENSINO PRIVADO
DA FeSP-UGT ENSINO**